

## TEXTO ARISTÓTELES

Por tanto, está claro que a cidade é unha das cousas naturais e que o home é, por natureza, un animal cívico (zôón politikón). E o inimigo da sociedade cidadán é, por natureza, e non por casualidade, ou ben un ser inferior ou máis que un home. (...) A razón de que o home sexa un animal social, máis que calquera abella e que calquera outro animal gregario é cousa evidente: a natureza, como dicimos, non fai nada en vano e só o home entre os animais posúe a palabra (lógos). A voz (phoné) é unha indicación da dor e do pracer, por iso tamén está presente nos outros animais. Xa que pola súa natureza alcanzaron a ter esa sensación da dor e do pracer e indicarse esas sensacións os uns aos outros. En cambio, a palabra existe para manifestar o conveniente e o danoso, así como o xusto e o inxusto. E isto é o propio dos humanos fronte aos demais animais: o posuír, de xeito exclusivo, o sentido do bo e do malo, o xusto e o inxusto, e as demais apreciacións.

(...) Por natureza, a cidade é anterior á casa e a cada un de nós. Xa que o conxunto é necesariamente anterior á parte. Pois se é destruído o conxunto xa non haberá nin pé nin man, a non ser con nome equívoco, como se pode chamar man a unha man de pedra, a tal man será unha man sen vida. Todo está definido pola súa función e pola súa capacidade, de tal xeito que, cando as cousas xa non son, non se debe dicir que seguen sendo elas, senón algo co mesmo nome. Así que está claro que a cidade é por natureza e é anterior a cada un, xa que se cada individuo por separado non é autosuficiente, estará na mesma posición que as demais partes en relación ao todo. E o que non pode vivir en sociedade, ou non necesita nada para a súa propia suficiencia, non é membro da cidade, senón como unha besta ou un deus. En todos existe, por natureza, o impulso cara a tal comunidade, pero o primeiro en establecela foi o causante dos maiores beneficios, xa que tal como o home cabal é o mellor dos seres vivos, así tamén, afastado de lei e xustiza, é o peor de todos...

(Aristóteles. Política)

### CUESTIÓNS TEXTO ARISTÓTELES:

1. ¿Que significa a expresión animal cívico ou animal político?, ¿por que o ser humano (ánthropos) é un animal político?, ¿que capacidade converte aos humanos en seres políticos?, ¿por que é tan relevante esta cualidade especificamente humana para a vida pública, para a vida política? Argumenta as respostas.
2. ¿Os animais que viven en sociedade son seres políticos?, ¿por que? Razona a resposta en base ao texto.
3. ¿O ser humano podería vivir afastado da cidade?, no caso hipotético de que un ser humano lograra sobrevivir fóra da polis, ¿Aristóteles consideraría humano?, ¿que diría dese ser: que é un deus, unha besta ou un animal gregario?, ¿quen son os únicos seres que poden vivir ao marxe da sociedade?, ¿por que? Argumenta as respostas en base ao que defende Aristóteles no texto.